



**ILTMO. CONCELLO DE CANGAS**  
(Pontevedra)

A Alcaldía dictou en data 13 de marzo de 2009 Resolución co seguinte contido na súa parte dispositiva:

**Primeiro.-** Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar provisionalmente a obra “Alumeado público na Alameda de Aldán”, xustificando esta avocación na necesidade de dar cumprimento aos prazos establecidos no Real Decreto Lei 9/2008 de 28 de novembro.

**Segundo.-** Adxudicar provisionalmente a obra “Alumeado público na Alameda de Aldán” á empresa BERNÁRDEZ SOUTO, S.L., co CIF n.º B-36547206, e domicilio na rúa Lealtad n.º 29, baixo, de Moaña (CP 36950), polo importe total de 62.883,69 € e un prazo de execución de catro meses.

**Terceiro.-** Notificar esta resolución ao adxudicatario, que deberá, nun prazo de dez días hábiles, cumprir cos seguintes trámites:

- Achegar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Seguridade Social, Xunta de Galicia e Concello de Cangas.
- Constituír garantía definitiva por importe do 5 % do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

**Cuarto.-** Dar publicidade a adxudicación provisional deste contrato coa súa inserción no Perfil do Contratante.

**Quinto.-** Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local na súa próxima sesión.

O que se fai público no Perfil do Contratante do Concello de Cangas o día 13 de marzo de 2009.